De inicio de lección: trátase de activar os coñecementos previos nos temas novos que se van traballar ou de repasar os xa traballados, con actividades de *brainstorming* ou actividades de repaso, mediante xogos, intercambios comunicativos con soporte de *flashcards*, posters, cancións, etc.

De desenvolvemento da lección: cancións (*songs*) e xogos (*games*). As melodías e o ritmo son esenciais para memorizar novas palabras. Ao cantar, os nenos e nenas son capaces de deixar atrás os seus medos e timidez para practicar a linguaxe de forma natural cos seus compañeiros e compañeiras, ao mesmo tempo que se divirten. As cancións son, polo tanto, unha boa oportunidade para introducir movemento e alegría nas clases.

Videos : Contamos con vídeos nos que reflexa a vida nos países anglo-falantes e nos que os alumnos e alumnas aprenderán, ademais da lingua, a valorar os distintos modos de vida e a variedade sociocultural do mundo

Actividades de lecto-escritura (*pencil activities in the Class Book*).

Historias (*stories*). Nelas aparecen novas palabras nun contexto divertido e motivador. Estas historias permiten ademais a revisión cíclica de estruturas lingüísticas xa estudadas e proporcionan novas oportunidades para practicar o xavisto.

Cut-outs.

Actividades de pronunciación (*pronunciation activities*).

Vocabulario e gramática: A linguaxe nova preséntase en relación co tema de cada unidade. Aparece no libro do alumno mediante historias, diálogos, cancións, valores e outras materias do currículo e tamén se utilizan recursos que se atopan na rede.

Actividades intercurriculares (*cross-curricular activities*).

De reforzo e ampliación: a diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materiais posibilita que todos os alumnos/ás poidan encontrar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.

Os alumnos e alumnas traballan tamén diferentes actividades que a profesora aporta no *blog*

De desenrolo de competencias:

Brainstorming *Role-play*

Actividades interactivas

Actividades baseadas en distintos soportes Actividades de investigación ou estudos de casos Actividades en grupo

Interpretacións de datos, gráficas, etc. Textos culturais, cancións, rimas, etc.

Actividades nas que se traballan as emocións

Phonics

Os alumnos entenden e empregan dun xeito natural os aspectos clave da pronunciación, como o ritmo, o acento e o ton, grazas ás cancións, contos, raps e *chants*. Estas actividades axudan a conciencialos dos

patróns son/ortografía en inglés. O obxectivo é que sexan conscientes da existencia dos sons e proporcionarles unha base sólida sobre a cal poidan aprender a falar.

Desenvolvemento da autonomía do alumno

É importante que os alumnos aprendan estratexias que melloren a súa aprendizaxe futura - unha destreza que poderán transferir a calquera outra área.

- predicir o tema do conto polos pósteres do conto
- predicir o tema CLIL polo póster
- prepararse para a tarefa final de escritura organizando información e tomando notas
- rexistrar o vocabulario no Dicionario bilingüe e no *ConceptMap*

Aprender a aprender

Un dos obxectivos é conseguir que os nenos se convertan en alumnos reflexivos, responsables e independentes, o que lles axudará en anos posteriores. En *cada unidade* inclúense varias formas de ensinar os alumnos a aprender a aprender:

Vista rápida da lección: Pode escribirse na lousa a estrutura da lección para que vexan o que farán en clase ese día.

En cada unidade introduciráselles una estratexia de auto aprendizaxe: mapas semánticos , estratexias para aprendizaxe e memorización de vocabulario, uso do dicionario...

Fast finishers, Extra grammar practice pages, Actividades co Dicionario bilingüe: Poden usar estes materiais para traballar pola súa conta.

Os aspectos socioculturais

A integración dos aspectos socioculturais na aprendizaxe é unha parte importante da metodoloxía. O obxectivo sociocultural principal é fomentar nos alumnos o interese e as actitudes positivas cara a unha lingua, unhas persoas e unha cultura diferentes das súas. Na sección de cultura coñecen e entenden a vida doutros nenos ao comparala coa propia.

Outro obxectivo do curso é imprimir nos alumnos a crenza positiva na súa capacidade para aprender unha lingua estranxeira. Utilízanse contos e actividades comunicativas que teñen que ver coa vida e as experiencias infantís, o que desenvolve unha actitude positiva cara á aprendizaxe do inglés.

10.-ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS

As mestras de inglés impartirán a materia nas aulas asignadas a cada grupo de alumnado e respectando a disposición da aula escollida por cada titora.

11.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS ORGANIZACIÓN DE RECURSOS

Recursos a utilizar

Activity Book Class

Book

Pósteres dos contos e de gramática

Flashcards

Wordcards Pósteres de

CLIL Páxinas web

Contos

Libros de lectura en inglés

Recursos materiais dispoñibles no centro

Ordenadores para profesorado

Proxector e pantalla

Espazos dispoñibles no centro

Laboratorio de idiomas

Patio

Ximnasio

Aula Arte

Biblioteca

12.-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Terase en conta a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos:

As adaptacións centraranse no tempo e ritmo de aprendizaxe, metodoloxía personalizada, reforzo de técnicas de aprendizaxe, mellora de procedemento, hábitos e actitudes e no enriquecemento curricular.

Avaliacións adaptadas ás necesidades destes alumnos

a) **Para o alumnado con altas capacidades intelectuais:** facilitaranse contidos e material de ampliación axeitado ás necesidades destes alumnos que lles permitan desenvolver ao máximo as súas capacidades.

b) **Para os alumnos con integración tardía** no sistema educativo: adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase para que lles permitan continuar con aproveitamento os seus estudos.

c) **Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe:** adoptaranse tanto medidas de escolarización como de atención. Para alumnos con NNEE, tomaranse medidas de flexibles e alternativas metodolóxicas. Para alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, se priorizarán os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de lograr un progreso suficiente en contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais ou de material considerados como tales.

13.-INCORPORACIÓN DAS TIC NA AULA

A incorporación xeneralizada ao sistema educativo das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC), que terán en conta os principios de deseño para todas as persoas e accesibilidade universal, permitirá personalizar a educación e adaptala ás necesidades e ao ritmo de cada alumno ou alumna.

As Tecnoloxías da Información e a Comunicación serán unha peza fundamental para producir o cambio metodolóxico que leve a conseguir o obxectivo de mellora da calidade educativa. Así mesmo, o uso responsable e ordenado destas novas tecnoloxías por parte dos alumnos e alumnas debe estar presente en todo o sistema educativo

Os alumnos e alumnas son persoas do século XXI e non poden estar afastados do coñecemento das tecnoloxías propias deste século; así pois, tamén vai aprender a utilizar, de forma responsable, as posibilidades que as Tecnoloxías da Información e a Comunicación lles ofrecen para a adquisición de destrezas na área de Lingua Estranxeira.

Obxectivos:	Facilitar o acceso á información en soporte dixital. Investigar e contrastar información. Facer un uso adecuado da internet e as redes sociais. Uso de redes sociais, e-mail, mensaxes, etc. Crear documentos en formato dixital. Descargar e compartir recursos. Outros.
Recursos:	Conexión a Internet Ordenadores Biblioteca Laboratorio de idiomas Outros
Programas Aplicacións:	/ Páxinas web <i>Recursos interactivos da nosa web</i> : Ligazóns de actividades interactivas existentes na nosa web e blog da profesora . Procesadores de texto Blogs <i>Google sites</i> Outros

14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

Obxectivos:

Memorizar trabalinguas, cancións e poesías adaptadas ao nivel. Traballar o vocabulario novo que aparece en cada lección.

Detectar e rexistrar as deficiencias apreciadas en cada alumno para poder corríxilas. Fomentar a capacidade creativa coa elaboración de narracións.

Actividades diversas de animación a lectura. Lectura e comentarios de textos seleccionados .

Procura de textos en internet sobre temas propostos.

Visualización de documentais e películas en inglés.

15.-ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

Valorar a importancia de aprender un idioma para poder entendernos coas persoas que o falan. Comprender que para coñecer a cultura dun pobo, debemos aprender primeiro a súa lingua.

Establecer semellanzas e diferencias entre a cultura galega e a inglesa.

Entender que un idioma é un tesouro de valor incalculable porque non está nas nosas mans fabricalo.

16.-ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓNS AO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

O COIDADO DA PERSOA:

Procuraremos acadar nos nosos alumnos o benestar emocional.

Traballaremos a educación en valores: segundo os temas específica dos anteriormente.

Prestaremos especial atención á diversidade entendendo a diferenza coma un valor. Realizaranse fichas de reforzo e ampliación de cada unha das unidades.

alumnado deberá acudir ao centro en condicións axeitadas de hixiene, coa debida puntualidade e coas súas tarefas feitas.

O COIDADO DO ENTORNO:

Buscamos unha escola aberta e integrada no entorno.

Procuraremos ter un entorno físico agradable Traballaranse a normas:

De funcionamento da aula: Cumprimento das normas xerais da aula

Orde e limpeza na realización das tarefas.

Orde e colocación do seu material e das mesas. De funcionamento doutras dependencias: Informática e biblioteca.

O COIDADO DAS RELACIÓNS:

Coas familias: Entrevistas coas familias.

Entre todo o persoal do centro e, en especial entre o profesorado e o alumnado e entre todo o alumnado polo que é necesario levar a cabo

17.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Realización de dramatizacións e diálogos en inglés.

Familiarización co mundo cultural dos países de fala inglesa e o xeito en que celebran: O *Halloween*, *Christmas*, *Thanksgiving Day*

18. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO EA PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación da propia programación será paralela á aplicada co alumnado e abarcará os seguintes aspectos:

- Adecuar a programación ao marco temporal e ás condicións específicas do alumnado.
- Buscar a motivación e o interese destes cara á materia, intercalando actividades que permitan romper a monotonía diaria da explicación.
- Procurar mediante o diálogo cos alumnos a revisión das actividades propias da materia para unha posible mellora da práctica docente.
- Facer unha análise obxectiva dos resultados conseguidos en cada avaliación adoptando as medidas pertinentes que permitan ao alumnado conseguir de forma satisfactoria as competencias claves.

Na memoria final do curso se realiza unha valoración desta programación e inclúense as posibles modificacións para o vindeiro curso de acordo co seguinte modelo:

	INDICADORES DE LOGRO	0	1	2	3	4
Preparación da clase e dos materiais didácticos	Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.					
	Existe unha distribución temporal equilibrada.					
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.					
Utilización dunha metodoloxía adecuada	Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinidade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).					
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.					
Regulación da práctica docente	Grao de seguimento dos alumnos.					
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.					
	Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.					
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.					
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.					
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.					
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer: Aos alumnos. Ás familias.					
Utilización de medidas para a atención á diversidade	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.					
	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.					
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.					
	Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.					

ESCALA DE VALORACIÓN	Inadecuado	0	Escasa ou nula constancia. Non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial
	Insuficiente	1	Omítense elementos fundamentais do indicador
	Básico	2	Cumprimento suficiente do indicador
	Competente	3	Hai prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia no indicador.
	Excelente	4	Prácticas excepcionais. Modelo de referencia de boas prácticas

19. MECANISMOS DE REVISIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Esta programación será flexible, axeitada a cada curso e revisable en función do alumnado e dos resultados. Na avaliación desta programación participarán os profesores que impartan esta área. O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Terase en conta:

- **Seguimento da temporalización**
- **Consecución dos niveis mínimos de logro dos estándares de aprendizaxe traballados.**
- **Dificultades acaecidas.**
- **Resultados específicos dos procedementos e instrumentos de avaliación.**
- **Resultados trimestrais das avaliacións.**

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións.

- **Unha modificación da metodoloxía empregada.**
- **Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.**
- **Modificacións na temporalización.**
- **Deseño de medidas correctoras para corrixir as dificultades.**

Para a avaliación desta programación teranse en conta, máis concretamente, os indicadores establecidos no apartado anterior.

CEIP PLURILINGÜE DA RABADEIRA

**PROGRAMACIÓN
LINGUA ESTRANXEIRA
(INGLÉS)**

6º EDUCACIÓN PRIMARIA

INDICE

1. Introducción e contextualización	3
2. Concreción dos obxectivos	3
3. Contribución ao desenvolvemento das Competencias Clave	5
4. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe ..	8
5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de.....	19
• Temporalización	
• Grao mínimo de consecución para superar a materia	
• Procedementos e instrumentos de avaliación.	
6. Concreción dos elementos transversais	22
7. Avaliación inicial.....	23
8. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción	24
9. Metodoloxía	26
10. Organización de espazos	28
11. Materiais e recursos didácticos.....	28
12. Atención á diversidade.....	28
13. Incorporación das TIC.....	29
14. Accións de contribución ao proxecto lector do centro	29
15. Accións de contribución ao proxecto lingüístico do centro	29
16. Accións de contribución ao plan de convivencia do centro	30
17. Actividades complementarias e extraescolares	30
18. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	31
19. Mecanismos de revisión e modificación da programación. Propostas mellora	32

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A área de Lingua Estranxeira ten como obxecto formar persoas que poidan empregala para comprender, falar e conversar, ler e escribir, polo que o seu uso debe ser o punto de partida desde o inicio da aprendizaxe. Na Educación Primaria pártese dunha competencia aínda moi elemental na lingua estranxeira, por iso, durante toda a etapa, serán de gran importancia os coñecementos, capacidades e experiencias nas linguas que nenos e nenas coñecen para comprender e construír significados, estruturas e estratexias durante a súa participación en actos de comunicación. A comprensión das diferentes situacións de comunicacións e o coñecemento da estrutura dos textos axudaralles a identificar e adquirir os elementos lingüísticos concretos presentes nun acto comunicativo.

O eixo da área de Lingua Estranxeira neste currículo constitúeno os procedementos dirixidos á consecución dunha competencia comunicativa efectiva oral e escrita, en contextos sociais significativos que permita expresarse con progresiva eficacia e corrección e que abarque todos os usos e rexistros posibles.

A cada vez maior presenza da lingua inglesa no entorno (no cine, música, televisión...) é un factor condicionante que fai que a maioría das oportunidades de aprendizaxe non se dan só no entorno escolar. Normalmente é a situación concreta da clase de lingua estranxeira un lugar máis, pero moi importante, para que a comunicación e a aprendizaxe en dita lingua poida levarse a cabo. Esta circunstancia fai necesaria a inclusión de contidos que incorporen situacións de comunicacións propias de ámbitos diversos ademais do académico, especialmente os das relacións sociais e os medios de comunicación.

Esta programación da área de Lingua Estranxeira vai dirixida ao alumnado de 6º de primaria pertencente a catro grupos, e a área será impartida por María Luz Arceo González.

2. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS

Contribuirán a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Estes obxectivos veñen, no apartado 4, concretados e relacionados cos contidos, criterios de avaliación e cos distintos estándares de aprendizaxe desta área.

3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

PERFIL COMPETENCIAL DE ESTÁNDARES PRIORITARIOS			
Competencia Clave:		COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA 6º PRIMARIA	
Nivel	Área	Estándares	%
6º	CN	6º-CNB1.1.1 - Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións.	5 %
6º	CN	6º-CNB1.1.2 - Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.	2 %
6º	CS	6º-CSB1.2.2 - Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.	3 %
6º	CS	6º-CSB1.4.1 - Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.	5 %
6º	LC	6º-LCB1.1.1 - Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos segundo o grao de formalidade e a finalidade (académica, social e lúdica).	4 %
6º	LC	6º-LCB1.6.3 - Resume un texto distinguindo ideas principais e secundarias.	6 %
6º	LC	6º-LCB2.1.1 - Le en voz alta, con precisión, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada.	4 %
6º	LC	6º-LCB2.2.2 - Comprende, con certo grado de detalle, diferentes tipos de textos atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescriptivos e persuasivos).	6 %
6º	LC	6º-LCB2.4.4 - Elabora esquemas a partir de textos expositivos.	4 %
6º	LC	6º-LCB3.7.1 - Planifica e redacta textos seguindo uns pasos: planificación, redacción, revisión e mellora. - Determina con antelación como será o texto, a súa extensión, o tratamento autor/a-lector/a e a presentación. - Adapta a expresión á intención, tendo en conta ao interlocutor e o asunto de que se trata. - Presenta os escritos con limpeza, claridade, precisión e orde os escritos. - Reescribe o texto.	6 %
6º	LG	6º-LGB1.1.2 - Comprende o significado dun texto oral, distinguindo a información da opinión.	8 %
6º	LG	6º-LGB1.7.1 - Planifica e elabora un discurso oral coherente, sen contradicións nin repeticións innecesarias, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.	5 %
6º	LG	6º-LGB2.3.3 - Realiza o resumo dun texto.	5 %
6º	LG	6º-LGB2.7.3 - Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.	4 %
6º	LG	6º-LGB3.2.3 - Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descriptivos ou argumentativos) adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.	8 %

PERFIL COMPETENCIAL DE ESTÁNDARES PRIORITARIOS			
Competencia Clave:		MATEMÁTICA, CIENCIA E TECNOLOXÍA 6º PRIMARIA	
Nivel	Área	Estándares	%
6º	CN	6º-CNB2.3.1 - Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo.	7 %
6º	CN	6º-CNB2.3.4 - Observa, identifica e describe algúns avances da ciencia que melloran a saúde (medicina, produción e conservación de alimentos, potabilización da auga etc.).	7 %
6º	CN	6º-CNB4.2.2 - Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables: esgotamento, choiva ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible.	7 %
6º	CS	6º-CSB2.1.1 - Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, incluíndo os planisferios, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.	8 %
6º	CS	6º-CSB3.2.2 - Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.	8 %
6º	EP	6º-EPB3.2.1 - Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados.	5 %
6º	LG	6º-LGB2.2.1 - Interpreta e comprende a información de gráficos, esquemas, mapas conceptuais e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña.	8 %
6º	MT	6º-MTB2.9.1 - Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.	30 %
6º	MT	6º-MTB5.2.3 - Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas	20 %

PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA – INGLÉS 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

4. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS				
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> • b • f 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> - Mobilización de información previa sobre tipo de tarefa e tema. - Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo. - Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais). - Formulación de hipótese sobre contido e contexto. - Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. - Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. • B1.2. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: interese pola pronuncia coidada, polo ritmo, pola entoación e pola acentuación adecuadas, tanto nas participacións orais como nas imitacións, recitacións e dramatizacións. 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non interfiran na mensaxe, que se poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual. • B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.1. Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.4. Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar para súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> • PLEB1.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC

		<ul style="list-style-type: none"> • B1.3. Utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen. • B1.4. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes. 	<p>familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.</p> <hr/> <ul style="list-style-type: none"> • PLEB1.6. Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara. <hr/> <ul style="list-style-type: none"> • PLEB1.7. Comprende o sentido xeral e o esencial e distingue os cambios de tema de programas de televisión ou doutro material audiovisual e multimedia dentro da súa área de interese (p. e. nos que se entrevista a mozos e mozas ou personaxes coñecidos ou coñecidas sobre temas cotiás (por exemplo, o que lles gusta facer no seu tempo libre) ou nos que se informa sobre actividades de lecer (teatro, cinema, eventos deportivos etc.). 	<hr/> <ul style="list-style-type: none"> • CAA <hr/> <ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
--	--	--	---	--

BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> • b • c • i 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> - Planificación <ul style="list-style-type: none"> - Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. - Adecuar o texto á persoa destinataria, contexto e canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso. - Execución <ul style="list-style-type: none"> - Expresar a mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoo adecuadamente e axustándose, se é o caso, aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto. - Reorganizar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles. - Apoiarse en tirar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe prefabricada etc.). - Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos ou paratextuais. 	<ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Participar de maneira simple e comprensible en conversas moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), un rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación da persoa interlocutora para manter a comunicación. • B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos, utilizando, p. e., fórmulas e linguaxe prefabricado ou expresións memorizadas, ou apoiando con xestos o que se quere expresar. • B2.3. Articular, de maneira polo xeral comprensible pero con evidente influencia da primeira ou outras linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á 	<ul style="list-style-type: none"> • PLE B2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA

	<p>Lingüísticos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Modificar palabras de significado parecido. - Definir ou parafrasear un termo ou expresión. <p>Paralingüísticos e paratextuais</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pedir axuda. - Sinalar obxectos, usar deicticos ou realizar accións que aclaran o significado. - Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal). - Usar sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais. <ul style="list-style-type: none"> • B2.2. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: interese pola pronuncia coidada, polo ritmo, pola entoación e pola acentuación adecuada. 	<p>función comunicativa que se quere levar a cabo.</p> <ul style="list-style-type: none"> • B2.4. Facerse entender en intervencións breves e sinxelas, aínda que resulten evidentes e frecuentes os titubeos iniciais, as vacilacións, as repeticións e as pausas para organizar, corrixir ou reformular o que se quere dicir. • B2.5. Interactuar de maneira moi básica, utilizando técnicas moi simples, lingüísticas ou non verbais (p. e. xestos ou contacto físico) para iniciar, manter ou concluír unha breve conversa. 		
--	--	--	--	--

BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> • b • f • i 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> - Mobilización de información previa sobre tipo de tarefa e tema. - Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo. - Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais). - Formulación de hipótese sobre contido e contexto. - Inferencia e formulación de hipótese sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. - Reformulación de hipótese a partir da comprensión de novos elementos. • B3.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal. • B3.3. Funcións comunicativas: 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.1. Identificar o tema o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual. • B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral a información esencial ou os puntos principais do texto. • B3.3. Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen. • B3.4. Recoñecer os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, £), e identificar os significados e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.1. Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.3. Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA

	<ul style="list-style-type: none"> - Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, invitacións. - Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención. - Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans. - Narración de feitos pasados remotos e recentes. - Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso. - Establecemento e mantemento da comunicación. <ul style="list-style-type: none"> • B3.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: <ul style="list-style-type: none"> - Interese polo lectura dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético, correcta grafía e ortografía. 	<p>intencións comunicativas xerais relacionados con estes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.4. Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.5. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.6. Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, £). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL

BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> • b • f • i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> - Planificación: <ul style="list-style-type: none"> - Mobilizar e coordinar as propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar que se sabe sobre o tema, que se pode ou se quere dicir etc.). - Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou gramática, obtención de axuda etc.). - Execución: <ul style="list-style-type: none"> - Expressar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto. - Reorganizar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles. - Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe prefabricada etc.). usar algún recurso cohesivo para non repetir palabras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Construír en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. ▪ B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen. ▪ B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada. ▪ B4.8. Facer uso das ferramentas informáticas para completar actividades previamente deseñadas polo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, <i>chats</i> ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA • CSC

	<ul style="list-style-type: none"> • B4.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: <ul style="list-style-type: none"> - Interese pola presentación dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético e empregando a correcta grafía e ortografía. 	<p>persoal docente.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.8. Usar correctamente o dicionario bilingüe, biblioteca de aula e outros materiais de consulta para a elaboración de textos, respectando as súas normas de funcionamento. 		
--	---	--	--	--

BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> • b • f 	<ul style="list-style-type: none"> • B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal, así como a realidade plurilingüe e multicultural da propia contorna. • B5.2 Funcións comunicativas: <ul style="list-style-type: none"> - Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, invitacións. - Expresión da capacidade, o gusto, a 	<ul style="list-style-type: none"> • B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións), condicións de vida (vivenda, contorna), relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comportamento (xestos habituais, uso da voz ou contacto físico) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre este a unha comprensión adecuada do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB5.1. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> • PLEB5.2. Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CSC

	<p>preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos plans. - Narración de feitos pasados remotos e recentes. - Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso. - Establecemento e mantemento da comunicación. <ul style="list-style-type: none"> • B5.3. Estructuras sintáctico discursivas: <ul style="list-style-type: none"> - Expresión de relacións lóxicas: conxunción (and); disxunción (or); oposición (but); causa (because); finalidade (to- infinitive, e. g. I did it to help her); comparación (as Adj. as; smaller (than); the biggest). - Relaciones temporais (when; before; after). - Afirmación (affirmative sentences; Yes (+ tag)). - Exclamación (What + noun, e. g. What fun!; How + Adj., e. g. How nice!; exclamatory sentences, e. g. I love salgade!). - Negación (negative sentences with not, never, non (Adj.), nobody, 	<ul style="list-style-type: none"> • B5.2. Recoñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha produción oral e escrita adecuada ao contexto, respectando as convencións comunicativas máis elementais. • B5.3. Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha demanda de información, unha orde, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche dunha conversación, ou os puntos dunha narración esquemática, inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática). • B5.4. Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral ou escrita (p. e estrutura interrogativa para demandar información). • B5.5. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral ou escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses. 	<ul style="list-style-type: none"> • PLEB5.3. Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano). • PLEB5.4. Participa nunha entrevista, p. e. médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe. ▪ PLEB5.5. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CSC <ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC <ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
--	---	--	---	--

	<p>nothing; Non (+ negative tag)).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Interrogación (Wh- questions; Aux. questions). - Expresión do tempo: pasado (simple past; present perfect); presente (simple present); futuro (going to; will). - Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); durativo (present and past continuous); habitual (simple tenses (+ Adv., e. g. always, everyday)); incoativo (start –ing); terminativo (finish –ing). - Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); capacidade (can); posibilidade (may); necesidade (must; need); obriga (have (got) to; imperative); permiso (can; may); intención (going to; will). - Expresión da existencia (there is/are); a entidade (nouns and pronouns, articles, demonstratives); a calidade ((very +) Adj.). - Expresión da cantidade (singular/plural; cardinal numerals up to four digits; ordinal numerals up to two digits. Quantity: all, many, a lot, some, (a) few, (a) little, more, much, half, a bottle/cup/glass/piece of. Degree: very, too, enough). - Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position, 	<ul style="list-style-type: none"> • B5.6. Cumprir a función comunicativa principal do texto (p. e. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos (p. e. saúdos para inicio e despedida para peche en conversas ou en correspondencia, ou unha narración esquemática desenvolvida en puntos). • B5.7. Cumprir a función comunicativa principal do texto escrito (p. e. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos (p. e. saúdos). • B5.8. Manexar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e”, entón”, “pero”, “porque”), aínda que se sigan cometendo erros básicos de maneira sistemática en, p. e., tempos verbais ou na concordancia. • B5.9. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico, tanto oral como escrito, de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios 		
--	--	--	--	--

	<p>distance, motion, direction, origin and arrangement).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresión do tempo (points (e. g. quarter past five); divisions (e. g. half an hour, summer), and indications (e. g. now, tomorrow (morning)) of estafe; duration (e. g. for two days); anteriority (before); posteriority (after); sequence (first...then); simultaneousness (at the same estafe); frequency (e. g. sometimes, on Sundays). - Expresión do modo (Adv. of manner, e. g. slowly, well). • B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e a comunicación. 	<p>intereses, experiencias e necesidades.</p> <ul style="list-style-type: none"> • B5.10. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos menos dirixidos. • B5.11. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividade...). • B5.12. Indagar a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e identificar semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos. 		
--	--	--	--	--

5. TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación	
Bloque 1: Comprensión de textos orais							
PLE-B1.1	6º-PLEB1.1 - Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.).	Obtén información básica de anuncios sobre produtos que lle interesan.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Asamblea. Posta en común. Proba obxectiva.</p>	CCL CAA
PLE-B1.2	6º-PLEB1.2 - Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns).	Entende información sinxela de carteis en lugares públicos.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Asamblea. Posta en común. Proba obxectiva.</p>	CCL CAA
PLE-B1.2	6º-PLEB1.3 - Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).	Obtén información de forma oral nos intercambios persoais habituais.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Asamblea. Posta en común.</p>	CCL CAA CSC
PLE-B1.3	6º-PLEB1.4 - Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren).	Entende o máis importante dunha conversa nun lugar habitual da vida diaria.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Asamblea. Posta en común. Proba obxectiva.</p>	CCL CAA CSC
PLE-B1.3	6º-PLEB1.5 - Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.	Comprende o fundamental dunha conversa sobre un tema moi coñecido.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Asamblea. Entrevista. Proba obxectiva.</p>	CCL CAA CSC

PLE-B1.4	6º-PLEB1.6 - Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.	Obtén información sobre temas cotiás e responde correctamente sobre eles de xeito oral.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Asamblea. Escolle. Proba obxectiva.</p>	CAA
PLE-B1.4	6º-PLEB1.7 - Comprende o sentido xeral e o esencial e distingue os cambios de tema de programas de televisión ou doutro material audiovisual e multimedia dentro da súa área de interese (p. e. nos que se entrevista a mozos e mozas ou personaxes coñecidos ou coñecidas sobre temas cotiás (por exemplo, o que lles gusta facer no seu tempo libre) ou nos que se informa sobre actividades de lecer (teatro, cinema, eventos deportivos etc.).	Identifica a información máis relevante dos medios de comunicación.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Asamblea. Posta en común. Proba obxectiva.</p>	CCL CAA
Bloque 2: Producións de textos orais							
PLE-B2.1	6º-PLEB2.1 - Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.	Elabora oralmente un monólogo referíndose a sí mesmo.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Asamblea. Entrevista. Posta en común. Escala de observación.</p>	CCL CAA
Bloque 3: Comprensión de textos escritos							
PLE-B3.1	6º-PLEB3.1 - Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos	Obtén información de comunicacións escritas presentes na súa vida cotiá.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Diario de clase. Proba obxectiva.</p>	CCL CAA

PLE-B3.2	6º-PLEB3.2 - Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc.	Selecciona e entende información de comunicacións escritas sinxelas.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Producións orais. Textos escritos. Proba obxectiva.</p>	CCL CAA
PLE-B3.2	6º-PLEB3.3 - Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc.	Entende mensaxes sinxelas procedentes dos medios de comunicación sobre aspectos da rutina diaria.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Producións orais. Textos escritos. Proba obxectiva.</p>	CCL CAA
PLE-B3.3	6º-PLEB3.4 - Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador).	Obtén información básica de textos escritos sobre temas coñecidos.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Producións orais. Textos escritos. Proba obxectiva.</p>	CCL CAA
PLE-B3.3	6º-PLEB3.5 - Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.).	Recoñece o argumento dunha historia e identifica as personaxes que interveñen nela.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Producións orais. Textos escritos. Proba obxectiva.</p>	CCL CAA
PLE-B3.4	6º-PLEB3.6 - Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ?, @, ?).	Utiliza normalmente os signos ortográficos básicos.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Proba obxectiva.</p>	CCL
Bloque 4: Producción de textos escritos							
PLE-B4.1	6º-PLEB4.1 - Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).	Rechea unha ficha cos seus datos persoais.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Textos escritos.</p>	CCL D CAA
PLE-B4.7	6º-PLEB4.2 - Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata	Produce mensaxes escritas breves para interactuar con outras persoas.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Textos escritos. Proba obxectiva.</p>	CCL CD CAAC SC

	(familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.						
Bloque 5: Coñecemento da lingua en consciencia intercultural							
PLE-B5.1	6º-PLEB5.1 - Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.	Obtén información en conversas sobre temas da vida diaria.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Textos escritos. .</p>	CCL CAA CSC
PLE-B5.2	6º-PLEB5.2 - Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo).	É capaz de pedir e dar información sobre aspectos fundamentais da súa vida diaria.		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Textos escritos.. Proba obxectiva.</p>	CCL CAA CSC
PLE-B5.3	6º-PLEB5.3 - Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano).	Manten unha conversa en diferentes contextos da vida diaria.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais.. Entrevista. Posta en común.</p>	CCL CD CSC
PLE-B5.4	6º-PLEB5.4 - Participa nunha entrevista, p. e. médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe.	É capaz de seguir unha entrevista relacionada con aspectos da vida diaria.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais.. Entrevista.</p>	CCL CSC
PLE-B5.5	6º-PLEB5.5 - Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.	Valora as diferentes linguas da súa contorna.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>	CCL CAA

6. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

En relación aos elementos transversais, o artigo 11 do Currículo establece que:

“Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a **comprensión lectora**, a **expresión oral e escrita**, a **comunicación audiovisual**, as **tecnoloxías da información e a comunicación**, o **emprendemento** e a **educación cívica e constitucional** traballaranse en todas as disciplinas”

ELEMENTOS	COMO SE TRABALLA
Comprensión lectora	<ul style="list-style-type: none"> Lectura e comprensión de textos en cada unidade didáctica. Lecturas e comprensión doutros textos relacionados cos temas tratados.
Expresión oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo ou intervencións: planificación, redacción, revisión. Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso. Expresión escrita en soporte papel e en pantalla.
Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> Proxección de diferentes vídeos introdutorios e explicativos de diferentes temas. Presentación en <i>power point</i>.
Tecnoloxías da Información e a Comunicación	<ul style="list-style-type: none"> Proxección de diferentes vídeos introdutorios e explicativos de diferentes temas. Uso de libros dixitais interactivos (E-Dixgal): Libro que incorpora elementos de interactividade: ligazóns, actividades, animacións... <ul style="list-style-type: none"> Recursos interactivos do noso <i>blog</i>. Recursos da rede: Aproveitamento de recursos educativos en Internet: na procura de imaxes, información ou curiosidades e selección e organización de información
Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> Escrebe, de forma creativa, diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero. Organiza e planifica o discurso axeitándose aos diferentes modos discursivos (narrar, expoñer, describir, informarse, dialogar)
Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> Desenvolvemento de actitudes e comportamentos cívicos e responsables na súa contorna e nas súas actividades cotiás. Cumprimento das normas xerais da aula. Respecto da quenda de palabra e das intervencións dos compañeiros. Comprensión e respecto á importancia do traballo en equipo e a colaboración. Orde e colocación do seu material e das mesas. Respecto e valoración das experiencias e das achegas do resto dos compañeiros e compañeiras. Defensa dos dereitos e os deberes de cada membro da sociedade e valorar o diálogo como instrumento para solucionar os problemas de convivencia e para transmitir ideas, pensamentos e opinións, respectando xuízos e opinións alleos. Mostrar respecto e tolerancia coas persoas que o rodean, coa diversidade de culturas e formas de vida.

7. AVALIACIÓN INICIAL

Realizase **unha proba de avaliación inicial** para valorar o nivel xeral e individual dos alumnado nesta área, que serve de referencia como punto de partida para o desenvolvemento do currículo.

No suposto de necesidade de reforzo, as medidas a tomar serán: realizar actividades de repaso que permitan afianzar coñecementos de cursos anteriores que están adquiridos, pero cos que o alumnado non se sente moi seguro, prestar especial reforzo ao bloque/s que presenten unha maior dificultade, prestar reforzo e propoñer actividades complementarias ao alumnado que presente dificultades, tendo en conta as diferentes medidas que atención á diversidade especificadas no punto 12.

Se algunha alumna ou alumno non tivera acceso a internet, tras comunicar ao centro, procuraríamos a solución máis axeitada a cada caso posto que o portátil E-Dixgal xa o teñen asignada dende comezo de curso.

8. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Os criterios de cualificación serán fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas, os obxectivos fixados e os estándares de aprendizaxe.

No primeiro trimestre, a principio do curso, realizarase unha avaliación inicial que servirá de referencia para o desenvolvemento do currículo.

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións trimestrais, informando por escrito ao alumnado e aos pais das cualificacións obtidas.

Para proceder á avaliación dos estándares de aprendizaxe da área establecemos uns procedementos e instrumentos de avaliación que veñen determinados no punto 5 desta programación.

Os distintos estándares de aprendizaxe repartiranse en unidades didácticas en cada un dos trimestres. A avaliación será continua, e en cada trimestre realizarase dúas probas

específicas escritas. Ao finalizar o trimestre teranse en conta as distintas probas escritas realizadas e os outros procedementos de avaliación aplicados, tendo en conta os seguintes criterios de cualificación:

Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	%
Observación sistemática	Seguimento do traballo e actitude.	10%
Análise das producións do alumnado	Producións orais e escritas	20%
	Traballos feitos polo alumnado	20%
Probas específicas escritas e orais	Resolución de exercicios e actividades, probas obxectivas e probas abertas.	50%

Considérase que o alumno/a ten avaliación positiva:

- Trimestra, l se a súa cualificación é de 5 ou máis sobre 10 puntos, para iso é necesario obter un mínimo de 4 puntos sobre 10 nas probas específicas escritas e orais.
- Ordinaria, se obtén unha cualificación de 5 ou máis sobre 10 puntos na nota media das tres avaliacións trimestrais.

Esta área non xoga un papel vinculante na decisión da **promoción** do alumno ou alumna para o curso seguinte.

9. METODOLOXÍA

A área de Lingua Estranxeira debe introducir ás alumnas e alumnos na aprendizaxe do inglés como o adestramento para o uso activo do Inglés; para comunicarse no mundo real coa lingua que aprenderon, é dicir, adquirir a competencia comunicativa.

A metodoloxía empregada será ecléctica e significativa (para tratar de fomentar o coñecemento relevante a longo prazo). Ademais de funcional e construtiva (tendo en conta os coñecementos previos do alumnado e orixe). Teremos tamén en conta a idade do alumnado, que será un factor esencial para identificar a súa motivación e intereses. As alumnas e alumnos deberán estar activos e participar, e a mestra será a guía, recurso, organizadora, facilitadora, observadora, asesora e participante. Promoverase o uso integrado das catro destrezas básicas, as receptivas (escoitar e ler) e as produtivas (falar e escribir) sempre que sexa posible.

Centrarémonos na comprensión e produción de textos en contextos familiares para o alumnado desta idade, aproveitando os coñecementos previamente adquiridos e as capacidades e experiencias que posúe. Fomentarase un uso da lingua contextualizado en situacións comunicativas propias de diversos ámbitos e que permitan unha utilización da lingua real e motivadora.

Para desenvolver a comprensión oral e a comprensión escrita, han de poñerse en xogo estratexias que permitan interpretar, valorar e relacionar a información que se transmite na vida cotiá. Deste xeito preténdese propiciar actitudes activas que favorezan o posterior desenvolvemento da capacidade crítica.

A integración das Competencias e as Intelixencias múltiples no área supón insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral) e poñer en práctica estratexias didácticas que consideren as diferentes posibilidades de adquisición do alumno/a.

A través das actividades os alumnos poden desenvolver as súas capacidades en torno á resolución das mesmas e a organización do traballo, dos contidos e dos materiais que se van a utilizar. En definitiva, predomina o traballo cooperativo que permite desenvolver a capacidade de discusión, a comunicación, o intercambio de ideas, o respecto e a comprensión das opinións alleas, e a reflexión sobre as ideas propias.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que suscitan:

- **Evocación de coñecementos previos** para abordar os novos contidos
- **Progresiva e coidada incorporación de novos contidos**, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumno/a de quinto curso, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das competencias propias da materia
- **Exercicios e actividades diversificadas** que contemplan competencias e intelixencias múltiples: traballo individual e en grupo, traballo cooperativo e actividades que traballan contidos fundamentais. Están en secuencias por niveis de dificultade, abordan diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e facilitan a adquisición de competencias a todos os alumnos.
- **O alumnado realizará unha variedade de actividades:** audicións, interpretacións, relacionar, preguntar, dar información... As actividades tamén teñen como meta a

satisfacción das necesidades de todos os tipos de aprendizaxe (visual, auditivo, táctil/cenestésico) e como obxectivo o desenvolvemento lingüístico do alumnado "aprendendo a aprender" e as súas habilidades sociais.

- **Fichas e actividades de reforzo** para traballar cos aspectos con máis dificultade e actividades de ampliación para "*fast finishers*" e alumnado con maior nivel na materia.

10. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS

Impartirase a materia nas aulas asignadas a cada grupo de alumnado e respectando a disposición da aula escollida por cada titor ou titora.

11. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Plataforma E-Dixgal.
- *Activity Book*.
- Páxinas web.
- Fichas de atención á diversidade: repaso, reforzo e ampliación papel ou formato dixital.
- Recursos audiovisuais como cancións, vídeos, láminas, fotografías, filmes...
- Uso das TICs: ordenadores individuais e encerado dixital propios das aulas ABALAR.
- Libros de lectura en inglés

12. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Terase en conta a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades do alumnado:

- **ADAPTACIÓN CURRICULAR (BÁSICA):** Os contidos nucleares da unidade didáctica preséntanse de forma máis pautada, con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos.
- **COMPETENCIAS e INTELIXENCIAS MÚLTIPLES:** Contémplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, co movemento, coa representación plástica, coa dramatización...
- **PLANS INDIVIDUAIS** dirixidos ao alumnado que o requira (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e altas capacidades) con fichas de reforzo e /ou ampliación.
- **ACTIVIDADES MULTINIVEL:** Posibilita que o alumando atope, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións.

13. INCORPORACIÓN DAS TIC NA AULA

<i>Actividades TIC</i>	<ul style="list-style-type: none">• Actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe.
<i>Recursos interactivos do noso blog</i>	<ul style="list-style-type: none">• Ligazóns de actividades interactivas.
<i>Ligazóns a Internet</i>	<ul style="list-style-type: none">• Aproveitamento de recursos educativos en Internet: procura de imaxes, información ou curiosidades e selección e organización para transformar estes elementos en coñecemento.

14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

Obxectivos para o 6º nivel:

- Memorizar trabalinguas, cancións e poesías adaptadas ao nivel.
- Traballar o vocabulario novo que aparece en cada lección.
- Detectar e rexistrar as deficiencias apreciadas en cada alumno para poder corrixilas.
- Fomentar a capacidade creativa coa elaboración de narracións.
- Actividades diversas de animación a lectura.
- Lectura e comentarios de textos seleccionados .
- Procura de textos en internet sobre temas propostos.
- Visualización de documentais e/ou películas en inglés.

15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

- Valorar a importancia de aprender un idioma para poder entendernos coas persoas que o falan.
- Comprender que para coñecer a cultura dun pobo, debemos aprender primeiro a súa lingua.
- Establecer semellanzas e diferencias entre a cultura galega e a inglesa.
- Entender que un idioma é un tesouro de valor incalculable porque non está nas nosas mans fabricalo.

16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓNS AO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

O COIDADO DA PERSOA:

- Procuraremos acadar nos nosos alumnos o **benestar emocional**.
- Traballaremos a **educación en valores**: segundo os temas especificados anteriormente.
- Prestaremos especial **atención á diversidade** entendendo a diferenza coma un valor. Realizaranse fichas de reforzo e ampliación de cada unha das unidades.
- O alumnado deberá acudir ao centro en condicións axeitadas de hixiene, coa debida puntualidade e coas súas tarefas feitas

O COIDADO DO ENTORNO:

- Buscamos unha escola aberta e integrada no entorno
- Procuraremos ter un entorno físico agradable:
 - Traballarase a normas:
 - De funcionamento da aula:
 - Cumprimento das normas xerais da aula
 - Orde e limpeza na realización das tarefas.
 - Orde e colocación do seu material e das mesas.
 - De funcionamento doutras dependencias:
 - Informática e biblioteca

O COIDADO DAS RELACIÓNS:

- Coas familias: Entrevistas persoais coas familias.
- Entre todo o persoal do centro e, en especial entre o profesorado e o alumnado e entre todo o alumnado polo que é necesario levar a cabo:
 - Un labor titorial para:
 - Establecer entre todas e todos unhas normas fundamentais de aula.
 - Acadar unha cohesión de todo o grupo.

17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Realización de dramatizacións e diálogos en inglés.
 - Familiarización co mundo cultural dos países de fala inglesa e o xeito en que celebran:
 - *Halloween, Christmas, Carnival, Thanksgiving Day e Easter*
 - Outras festas ou conmemoracións que vaian xurdindo ao longo do curso.

18. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

	INDICADORES DE LOGRO	0	1	2	3	4
Preparación da clase e dos materiais didácticos	Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.					
	Existe unha distribución temporal equilibrada.					
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.					
Utilización dunha metodoloxía adecuada	Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinabilidade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).					
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.					
Regulación da práctica docente	Grao de seguimento dos alumnos.					
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.					
	Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.					
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.					
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.					
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.					
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer: <ul style="list-style-type: none"> • Aos alumnos. • Ás familias. 					
Utilización de medidas para a atención á diversidade	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.					
	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.					
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.					
	Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.					

ESCALA DE VALORACIÓN	Inadecuado	0	Escasa ou nula constancia. Non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial
	Insuficiente	1	Omítense elementos fundamentais do indicador
	Básico	2	Cumprimento suficiente do indicador
	Competente	3	Hai prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia no indicador.
	Excelente	4	Prácticas excepcionais. Modelo de referencia de boas prácticas

19. MECANISMOS DE REVISIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Esta programación será flexible, axeitada a cada curso e revisable en función do alumnado e dos resultados. Na avaliación desta programación participarán os profesores que imparten esta área.

O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores:

- Seguimento da temporalización
- Consecución dos niveis mínimos de logro dos estándares de aprendizaxe traballados.
- Dificultades acaecidas.
- Resultados específicos dos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Resultados trimestrais das avaliacións.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:

- Unha modificación da metodoloxía empregada.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas correctoras para corrixir as dificultades.

Para a avaliación desta programación teranse en conta, máis concretamente, os indicadores establecidos no apartado anterior.